



## ACTA Nº 2022/9

### *Sesión ordinaria do Pleno da Corporación*

*Sala de sesións da Casa do Concello, luns 26 de setembro de 2022*

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se as concelleiras e os concelleiros que se indican, coa asistencia do secretario que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

#### **PRESIDE:**

D. Mónica Rodríguez Ordóñez

#### **ASISTEN:**

PSOE

D. Víctor Manuel Muíño Ramos

D.<sup>a</sup> María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.<sup>a</sup> Rosa Blanco Lema

D. Mario Andujar Mouzo

ADIANTE VIMIANZO

D.<sup>a</sup> Marta Rey Lema

D. Eugenio Vidal Quintáns

D.<sup>a</sup> María Jesús Barbeira Pose

D. Francisco Javier Trillo Pazos

PP

D.<sup>a</sup> Raquel Rodríguez Amigo

D. Francisco M. Calzas Suárez

#### **SECRETARIO/A:**

D. Francisco Javier Novoa Juiz

#### **INTERVENTOR/A:**

D. Francisco Fernández Armada

#### **AUSENCIAS:**

ADIANTE VIMIANZO

D. Manuel Lorenzo Hermida

Dna. Marta Rey trasladada que por motivos laborais non pode asistir á celebración plenaria D. Manuel Lorenzo Hermida.



Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como presidenta, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na:

## **ORDE DO DÍA**

### **A) Sección resolutiva**

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 29 de agosto de 2022.

2º. Ditame sobre aprobación da conta xeral correspondente ao exercicio 2021. Exp. 2022/T004/000003.

3º. Ditame sobre o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos do orzamento municipal. Exp. 2022/X999/000109.

4º. Ditame sobre aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+adicional. Exp. 2022/A008/000051.

5º. Ditame sobre aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal núm. 24, reguladora da taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas. Exp. 2022/X999/000217.

### **B) Sección de control**

6º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

7º. Mocións de urxencia.

8º. Rogos e preguntas.

Comeza o debate e votación dos asuntos da orde do día.

### **1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 29 de agosto de 2022.**

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Ao non manifestar ningunha observación sobre a mesma, queda aprobada por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria celebrada o 29 de agosto de 2022.

### **2º.- Ditame sobre aprobación da conta xeral correspondente ao exercicio 2021. Exp. 2022/T004/000003**



O secretario da Corporación le o ditame emitido pola Comisión informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, celebrada o día 21 de setembro de 2022, que se reproduce a continuación:

**"1. Proposta de ditame sobre aprobación da conta xeral correspondente ao exercicio 2021.  
Exp. 2022/T004/000003**

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 16 de setembro de 2022, que se transcribe literalmente:

**"PROPOSTA ACORDO PLENO**

**Asunto: Conta Xeral ano 2021  
Exp tedec: 2022/T004/000003**

Vista a providencia de Alcaldía do Concello de Vimianzo de data 19 de maio de 2022, pola que se ordena incoar o expediente para a aprobación da Conta Xeral do exercicio 2021.

Vista a confección da Conta Xeral por parte da Intervención Municipal que está integrada polos seguintes documentos:

- a) O Balance.
- b) A Conta do resultado económico-patrimonial.
- c) O estado de Liquidación do Orzamento.
- d) O de cambio do patrimonio neto.
- e) O estado de fluxos de efectivo.
- d) A Memoria.
- e) Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio.
- f) Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local, referidos a fin de exercicio.

Publicada a Conta Xeral xunto co informe favorable da Comisión especial de Contas no Boletín oficial da Provincia de data 30 de maio de 2022, e transcurrido o prazo establecido no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, sen que se presentasen alegacións a mesma.

De conformidade co disposto no artigo 212 do Texto Refundido da lei de Facenda Locais, para a rendición anual de contas e balances, procede a elevarse a seguintes PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO.** Aprobar a Conta Xeral do ano 2021 que consta no expediente.

**SEGUNDO.** Remitir o Tribunal de Contas a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra, segundo o establecido no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria. e Sostibilidade Financeira, e demais normativa concordante, no Ministerio de Facenda.

A Alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez."



Sometido o asunto a votación a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por dous votos da favor do PSdeG-PSOE, tres abstencións (2 AV e 1 PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.

A Alcaldesa-Presidenta explica a necesidade da súa aprobación conforme á normativa de aplicación.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por seis votos a favor do PsdeG-PSOE, seis abstencións (4 AV e 2 PP) e ningún voto en contra.

### **3º.- Ditame sobre o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos do orzamento municipal. Exp. 2022/X999/000109**

O secretario da Corporación le o ditame emitido pola Comisión informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, celebrada o día 21 de setembro de 2022, que se reproduce a continuación:

#### **"2. Proposta de ditame sobre o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos do orzamento munciipa. Exp. 2022/X999/000109**

Dáse conta da proposta da Alcaldía do 16 de setembro de 2022, que se transcribe literalmente:

#### **"PROPOSTA DE ACORDO**

**ASUNTO:** Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos do orzamento municipal

|   |   |  |
|---|---|--|
| 1 | <b>Expediente</b> <ul style="list-style-type: none"><li>- Expedientes de Tedec</li><li>- Expedientes nº</li></ul> | 2022/X999/000109<br>2022/CE /03 – 2022/TC/13 |
|---|---|--|

Vista que se dota mediante o expediente **2022/CE/03 e 2022/TC/13** o crédito orzamentario axeitado e suficiente para proceder á aprobación das facturas que se recollen na relación contable F/2022/11, con data de entrada ata o 31 de agosto de 2022, con importe imputable ao orzamento que ascende a **472.812,42 €** e que se xuntan como Anexo ao expediente, polos conceptos sinalados nas mesmas.

Emitido informe de Intervención e considerando o establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía propón ao Pleno, previo ditame da Comisión de Contas, Facenda, Orzamento e Asuntos Económicos, a adopción do seguinte, ACORDO

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente **2022/REC/02** de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de **472.812,42 €** a favor dos terceiros que figuran da documentación anexa, que leva consigo o levantamento do reparo formulado pola Intervención Municipal.

Que se aprrobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2022/CE/03, na modalidade de crédito extraordinario, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería e

transferencia de crédito 2022/TC/13 entre distintas áreas de gasto para financiar os gastos seguintes:

### ANEXO I

|   |   |                                       |
|---|---|---------------------------------------|
| 1 | <b>Expediente</b><br>- Expedientes de Tedec<br>- Expedientes nº | 2022/X999/000109<br><b>2022/CE/03</b> |
|---|---|---------------------------------------|

### ESTADO DE GASTOS

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | CONCEPTO  | IMPORTE MODIFICACIÓN |
|-------------------------|---|----------------------|
| 1532 22199              | Pavimentación vías públicas Outros subministros | 11.500,00 €          |
| 165 22199               | Alumeado público Outros subministros            | 11.500,00 €          |
| 334 22699               | Promoción cultural outros gastos diversos       | 45.000,00 €          |
| 334 22100               | Promoción cultural enerxía eléctrica            | 45.000,00 €          |
| 453 22199               | Estradas Outros subministros                    | 120.000,00 €         |
| 920 22199               | Administración xeral Outros subministros        | 23.636,11 €          |
| <b>TOTAL</b>            |   | <b>256.636,11 €</b>  |

### ESTADO DE INGRESOS

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | CONCEPTO                                   | IMPORTE MODIFICACIÓN |
|-------------------------|--|----------------------|
| 87000                   | Remanente de tesourería para gastos xerais | 256.636,11 €         |
|                         | <b>TOTAL</b>                               | <b>256.636,11 €</b>  |

|   |   |                                       |
|---|---|---------------------------------------|
| 1 | <b>Expediente</b><br>- Expedientes de Tedec<br>- Expedientes nº | 2022/X999/000109<br><b>2022/TC/13</b> |
|---|---|---------------------------------------|

### I. Aplicacións orzamentarias cuxo crédito se minora na área de gasto 2:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | CONCEPTO  | IMPORTE MODIFICACIÓN |
|-------------------------|---|----------------------|
| 231 12001               | Asistencia Social Primaria Soldos Gr A2           | 19.540,97 €          |
| 231 12004               | Asistencia Social Primaria Soldos Gr C2           | 11.552,82 €          |
| 231 12006               | Asistencia Social Primaria Trienios               | 5.353,89 €           |
| 231 12100               | Asistencia Social Primaria complemento de destino | 18.663,28 €          |
| 231 12101               | Asistencia Social Primaria complemento específico | 17.225,73 €          |

|              |  |                    |
|--------------|--|--------------------|
| 231 16000    | Asistencia Social Primaria Seguridade Social | 19.293,31 e        |
| <b>TOTAL</b> |  | <b>91.630,00 €</b> |

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | CONCEPTO                                  | IMPORTE MODIFICACIÓN |
|-------------------------|---|----------------------|
| 241 12001               | Fomento do emprego Primaria Soldos Gr A2  | 303,95 €             |
| 241 12006               | Fomento do emprego Primaria Trienios      | 88,26 €              |
| 241 12100               | Fomento do emprego complemento de destino | 230,20 €             |
| 241 12101               | Fomento do emprego complemento específico | 173,13 €             |
| 241 16000               | Fomento do emprego Seguridade Social      | 204,46 €             |
| <b>TOTAL</b>            |   | <b>1.000,00 €</b>    |

## II. Aplicación orzamentaria cuxo crédito se incrementa na área de gasto 3:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | CONCEPTO   | IMPORTE MODIFICACIÓN |
|-------------------------|--|----------------------|
| 334 22799               | Promoción cultural Outros traballos realizados por empresas      | 23.157,50 €          |
| 342 22799               | Instalacións deportivas Outros traballos realizados por empresas | 23.157,50 €          |
| <b>TOTAL</b>            |  | <b>46.315,00 €</b>   |

## III. Aplicación orzamentaria cuxo crédito se incrementa na área de gasto 4:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | CONCEPTO                     | IMPORTE MODIFICACIÓN |
|-------------------------|------------------------------|----------------------|
| 453 22199               | Estradas Outros subministros | 46.315,00 €          |
| <b>TOTAL</b>            |                              | <b>46.315,00 €</b>   |

**SEGUNDO.** Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas

**TERCEIRO.** Dar traslado do acordo adoptado no Pleno, ao departamento contable para que proceda a contabilización das obrigas recoñecidas, unha vez aprobado o expediente de modificación de créditos, para proceder posteriormente a ordenar o seu pago.

### A Alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez."



Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos por dous votos a favor do PsdeG-PSOE, tres abstencións (2 AV e 1 PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.

O interventor explica como se vai financiar o REC.

A Alcaldesa-Presidenta traslada que 300.000 euros veñen do POS e que se tiveron que adiantar gastos xa que as facturas anteriores había que pagalas de formigón, luz, persoal subvencionado e tardou a subvención en confirmarse. Ademais aumentou moito o gasto da luz pola inflación e consumo de materiais.

Dna. Raquel Rodríguez non manifesta nada.

Dna. Marta Rey entende que hai necesidades urxentes que hai que afrontar pero outras non, polo que hai que xestionar mellor, sen olvidar que ós autónomos tamén se lles incrementaron os gastos e debense pagar as súas facturas.

A Alcaldesa-Presidenta está dacordo, e recalca que este REC é unha excepción polo retraso na concesión do POS e que hai gastos que é perentorio afrontar porque é difícil chegar a fin de mes.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da Corporación presentes.

#### **4. Ditame sobre aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS + adicional. Exp. 2022/A008/000051.**

O secretario da Corporación le o dictamen emitido pola Comisión informativa de obras e urbanismo, celebrada o día 21 de setembro de 2022, que se reproduce a continuación:

**“1. Proposta de ditame sobre aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS + adicional 2/2022. Exp.2022/A008/000051.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 16 de setembro de 2022, que se transcribe literalmente:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ADICIONAL 2/2022. EXP.2022/A008/000051.**

Tendo en conta a circular sobre POS+Adicional 2/2022 (RE 202200000001700, de 22/04/2022) no que comunican que a cantidade total asignada ao Concello de Vimianzo ascende a 649.792,19 euros así como a circular sobre a aprobación do Plan (RE 202200000002782, de 19/01/2022), e as bases publicadas no BOP núm.102 de data 31/05/2022 respecto deste Plan (base 13), esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación, previo ditame preceptivo da comisión informativa de benestar social, a seguinte proposta de ditame:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2022" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

**A ) Financiamento de gastos correntes:**

| Gastos correntes   | Deputación   |
|--|--------------|
| Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022 | 649.792,19 € |

**B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:**

| Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 | Financiamento dos investimentos |                  |                         |                | Orzamento total |
|--|---------------------------------|------------------|-------------------------|----------------|-----------------|
|  | Deputación                      | Concello         |                         | Total concello |                 |
|  |                                 | Achega municipal | IVE soportado deducible |                |                 |
| ---  | ---                             | ---              | ---                     | ---            | ---             |
| <b>TOTAL</b>   | ---                             | ---              | ---                     | ---            | ---             |

| Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 | Financiamento dos investimentos |                  |                         |                | Orzamento total |
|---|---------------------------------|------------------|-------------------------|----------------|-----------------|
|   | Deputación                      | Concello         |                         | Total concello |                 |
|   |                                 | Achega municipal | IVE soportado deducible |                |                 |
| ---   | ---                             | ---              | ---                     | ---            | ---             |
| <b>TOTAL</b>  | ---                             | ---              | ---                     | ---            | ---             |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nesta táboa.

**C ) Financiamento da revisión excepcional de prezos:**

| Revisión excepcional de prezos   | Deputación |
|--|------------|
| Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais | 0,00 €     |

**D) Resumo de financiamento:**

| POS+ ADICIONAL 2/2022 | Concell<br>o |  | IVE |  |  |
|-----------------------|--------------|--|-----|--|--|
|                       |              |  |     |  |  |
|                       |              |  |     |  |  |



|  | Deputación   | Concello | Soportado deducible (só abastecem. auga potable ) | Total concello | Orzamento Total |
|--|--------------|----------|---|----------------|-----------------|
| <b>Gastos correntes servizos obrigatorios</b>                                | 649.792,19 € |          |   |                | 649.792,19 €    |
| <b>Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022</b>           | 0,00 €       | 0,00 €   | 0,00 €  | 0,00 €         | 0,00 €          |
| <b>Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022</b> | 0,00 €       | 0,00 €   | 0,00 €  | 0,00 €         | 0,00 €          |
| <b>Revisión excepcional de prezos obras municipais</b>                       | 0,00 €       |          |   |                |                 |
| <b>TOTAL</b>   | 649.792,19 € | 0,00 €   | 0,00 €  | 0,00 €         | 649.792,19 €    |

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O que asino en Vimianzo,  
A Alcaldía



Mónica Rodríguez Ordóñez  
(documento asinado electrónicamente)”

Sometido o asunto a votación, a Comisión de Obras e Urbanismo por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, tres abstencións (2 AV e 1 PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

A Alcaldesa-Presidenta explica que o obxectivo dos 650.000 euros era destinalos á inversións do capítulo 6 de gasto pero que por mor do aumento dos gastos correntes que no primeiro semestre xa superaron ós do ano pasado, hai que destinalo a este tipo de créditos por prudencia e recomendación da Intervención.

Dna. Raquel Rodríguez entende que as facturas hai que pagalas e se pregunta se hai forma de reducir gasto corrente para destinalo a obras necesarias.

Dna. Marta Rey fala dun plan de obras sen obra e que se podería repartir un porcentaxe de 80 a 20% e non destinar todo a mantemento. Considera que chegará outro POS para obras que apoiarían.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que está dacordo pero que se fixeron consultas e esta é a mellor opción, non sabe o que vira pero espera destinar o Pos 2023 a obras que sexan necesarias. Destaca que se está a estudar a licitación dos gastos de suministro de enerxía e co contrato do IDAE haberá un aforro enerxético.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación, polo Pleno do concello, por seis votos a favor (6 PSdeG-PSOE), e seis abstencións (4 de AV e 2 do PP) e ningún voto en contra.

**5º. Ditame sobre aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal núm. 24, reguladora da taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas. Exp. 2022/X999/000217**

O secretario da Corporación le o ditame emitido pola Comisión informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, celebrada o día 21 de setembro de 2022, que se reproduce a continuación:

**“3. Proposta de ditame sobre aprobación da modificación da ordenanza fiscal número 24, reguladora da taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandaría sobre rodas. Exp. 2022/X999/000217.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 16 de setembro de 2022, que se transcribe literalmente:

**“PROPOSTA PLENO**

**Asunto: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 24, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS DE VIVENDA COMUNITARIA,**



## **ESCOLA INFANTIL, CENTRO DE DÍA, COMEDOR SOBRE RODAS E LAVANDARÍA SOBRE RODAS. EXP. 2022/X999/000217.**

Vista a Ordenanza fiscal núm. 24 reguladora da taxa da prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas (en diante OF 24), publicada no BOP núm.62, de 31/03/2022, así como as correspondentes modificacións e actualizacións da mesma.

Tendo en conta a Orde da Consellería de Política Social e Xuventude do 22 de xullo de 2022 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2022-2023, (DOG núm. 147, 3 de agosto de 2022).

Considerando o disposto no artigo 3.1.c) da cita da Orde, no que di: “(...)Que a escola infantil para a cal se solicitan as axudas estea aplicando un réxime de prezos equivalente ao previsto no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería.(...)”

Tendo en conta a resolución do 10 de maio de 2017 pola que se actualizan os prezos das escolas infantís dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais (DOG núm.97, 23 de maio de 2017).

Visto o informe técnico emitido pola técnica da área de Benestar, en data 16/09/2022, en relación á proposta de modificación da OF 24.

Visto o informe emitido polo secretario municipal en data 16/09/2022; así como o informe emitido polo interventor municipal, na mesma data e en sentido favorable.

Para que se adopten ditas equivalencias, no réxime de prezos, esta alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa de Benestar Social, a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.**– Propoñer a modificación dos artigos 6.4 e 7.2 da Ordenanza fiscal núm. 24 reguladora da taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas, co fin de cumprir co establecido na orde da Consellería de Política Social e Xuventude do 22 de xullo de 2022, quedando o texto íntegro da mesma segundo se indica a continuación: **“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS DE VIVENDA COMUNITARIA, ESCOLA INFANTIL, CENTRO DE DÍA, COMEDOR SOBRE RODAS E LAVANDERÍA SOBRE RODAS.**

### **Exposición de motivos**

*O Concello de Vimianzo ten promovido expediente de municipalización para a prestación dos servizos de: vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas.*



Doutro lado, respecto do servizo de vivenda comunitaria xa constaba aprobado tanto a respectiva ordenanza fiscal como o regulamento do servizo.

Xa que logo, a conveniencia e oportunidade da prestación destes servizos resulta dos expedientes de referencia, da súa fundamentación xurídica, económica, social e técnica e tamén das resolucións neles adoptadas.

De conformidade co previsto na letra ñ do parágrafo nº 4 do art. 20, en relación cos artigos 15 e 57 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, pola que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, considerase como taxa a prestación do servizo da Vivenda Comunitaria, Escola Infantil, Centro de Día, Comedor sobre rodas e Lavandaría sobre rodas.

Entenderase, ó abeiro do sinalado no art. 79 da Lei 4/1993, de 14 de abril, de servizos sociais, que os usuarios deste servizo contribuirán o seu financiamento de conformidade cós principios de solidariedade e redistribución.

### **Artigo 1º.- Fundamento e natureza**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 o 27, ambos inclusive, do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este concello establece a seguinte taxa pola prestación do servizo de Vivenda Comunitaria, Escola Infantil, Centro de Día, Comedor sobre rodas e Lavandaría sobre rodas, que se rexerá pola presente Ordenanza.

### **Artigo 2º.- Feito imponible**

É obxecto desta taxa a prestación dos servizos públicos municipais de Vivenda Comunitaria, Escola Infantil, Centro de Día, Comedor sobre rodas e Lavandería sobre rodas, definidos conforme ó respectivo Regulamento de dita vivenda e Regulamento da escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas.

### **Artigo 3º.- Suxeito pasivo**

Están obrigados ó pagamento da taxa por todos ou algúns dos servizos prestados e regulados nesta ordenanza, como contribuíntes, os que os reciban. Serán substitutos dos contribuíntes os herdeiros testamentarios ou legais, xunto cos legatarios de conformidade co previsto nos artigos 39 e concordantes da Lei Xeral Tributaria aprobada pola Lei 58/2003, do 17 de decembro.

### **Artigo 4º.- Base imponible**

4.1.- Determinación da base imponible para a prestación do servizo de vivenda comunitaria.

A base imponible desta taxa no que se refire a prestación do servizo público municipal de vivenda comunitaria determinarase polo conxunto dos ingresos de cada usuario, e para fixala, terase en conta:

1. No caso de solicitante con ingresos derivados de salarios, pensións de calquera tipo ou calquera outra remuneración por conta allea, así como rendas de capital, inmobles (distinto da vivenda habitual) ou outros, fixarase como base dos ingresos as cantidades líquidas obtidas por ditos conceptos na data da solicitude da prestación do servizo (revisable no momento da concesión).

2. Para os solicitantes con ingresos derivados de actividades por conta propia, fixarase como base para cuantificar os ingresos as cantidades netas obtidas da última declaración da renda da que se dispoña na data da solicitude (revisable no momento da concesión).

4.2.-Determinación da base imponible para a prestación dos servizos públicos municipais de escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas.



Para os efectos da determinación das tarifas a pagar, a renda per cápita mensual da unidade familiar, computarase segundo as seguintes regras:

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:

– Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.

– Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

– Os/as fillos/as maiores de dezaioito anos discapacitados cun grao de minusvalía superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo a situación existente a 31 de decembro do ano ao que se refiran os datos económicos aos que se refiren as seguintes regras.

b) Tomarase como importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado a agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar ou prestación do servizo, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforo, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do IRPF.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

A documentación anterior poderá ser substituída pola correspondente autorización á Administración para obter os datos necesarios para determinar os ingresos totais para estes efectos a través das correspondentes administracións tributarias.

c) O importe dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa co que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

#### **Artigo 5º.- Beneficios fiscais**

Non poderán recoñecerse respecto a esta taxa outros beneficios fiscais que os expresamente previstos en normas con rango de Lei ou derivados da aplicación de Tratados Internacionais, nos termos establecidos no art. 9 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

#### **Artigo 6º.- Período impositivo e retribución**

1. O período impositivo coincide co mes natural de prestación do/s servizos.

2. No caso do centro de día e escola infantil, salvo o disposto no apartado terceiro do presente artigo, a falta de asistencia do usuario/a ó centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

3. No caso da escola infantil, os suxeitos pasivos obrigados ós que fai referencia o artigo 3.º non terán a obriga de aboala cota durante os seguintes períodos:

a) O mes de vacacións anual do neno/a.



b) Cando, por calquera motivo distinto ó período de vacacións anuais, o centro permaneza pechado un período superior a quince días.

4.Os suxeitos aos que fai referencia o artigo 3 non terán a obriga de aboar a cota correspondente aos servizos optativos no seguinte suposto:

Cando por causa debidamente xustificada a/o nena/o deixe de asistir temporalmente ao centro. Neste caso, a suspensión da cota terá lugar desde o primeiro día do mes natural seguinte á data de inasistencia ao centro e durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación da/o nena/o ao centro.

Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota dos servizos optativos correspondente ao dito mes reducirase nun 50 por cento.

A solicitude de suspensión da cota correspondente a este servizo, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante a alcaldía, que resolverá sobre a procedencia da exención.

Nos casos de suspensión temporal da cota correspondente aos servizos optativos, o pagamento correspondente ao mes de reincorporación realizarase no prazo dos dez días naturais seguintes á data de reincorporación. Así mesmo, nos casos en que se acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresar as cotas atrasadas no prazo dos dez días naturais seguintes á notificación da resolución denegatoria.

#### **Artigo 7º.- Cota tributaria**

A cota pola prestación dos servizos sinalados no artigo 2 da presente ordenanza, esixirase con arranxo as seguintes tarifas:

7.1. Cota tributaria pola prestación do servizo de Vivenda Comunitaria:

| PREZO MES   |                              |
|---|------------------------------|
| Ingresos  | Cota usuario/mes             |
| Ingresos menores ou iguais ó SMI                              | 75% dos ingresos que perciba |
| Ingresos superiores ó SMI e menores ou iguais o triple do SMI | 80% dos ingresos que perciba |
| Maiores ó triple do SMI                                       | 85% dos ingresos que perciba |

Fíxase un límite máximo de prezo a pagar polos usuarios cuantificado no triple do SMI.

7.2.–A cota tributaria pola prestación dos servizos de escola infantil determinarase de conformidade coa seguinte tarifa e cos descontos previstos para adoptar a contía das taxas á capacidade económica dos suxeitos pasivos.

1. Matrícula: 30 € para tódolos usuarios.

2. Prezo por asistencia.

O prezo pola atención educativa en xornada completa (8h/día) fíxase en 169,26 € mensuais.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 4 deste artigo 7.2.

Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar.

### 3. Prezo por servizos optativos.

#### a) Servizo de comedor

O prezo por este servizo fíxase en 50 € mensuais.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 4 deste artigo 7.2

No caso de nenos/as que non utilicen habitualmente o servizo de comedor e que excepcionalmente e por motivos xustificadas desexen utilizalo algún día solto, o prezo será de 3 € por día.

O prezo de comedor por días soltos non estará suxeito a ningunha redución.

#### b) Horario ampliado.

Con carácter excepcional os/as usuarios/as poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias, sempre que acrediten a súa necesidade.

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario de atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 15 €.

O prezo de hora extraordinaria non estará suxeito a ningunha redución.

#### c) Servizo de transporte.

O prezo por este servizo fíxase en 50 € mensuais (2 viaxes/día).

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 4 deste artigo 7.2.

4. Aplicación das taxas mensuais segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar, queda como segue:

| Tramos renda per cápita                         | Tarifa | Xornada completa | Media Xornada | Comedor Escolar | Transporte |
|---|--------|------------------|---------------|-----------------|------------|
| <b>Intervalo IPREM</b>                          |        |                  |               |                 |            |
| Rendas inferiores ao 30% do IPREM               | 1      | 0€               | 0€            | 0€              | 0€         |
| Rendas entre o 30% e inferiores ao 50% do IPREM | 2      | 0€               | 0€            | 12€             | 12€        |
| Rendas entre o 50% e inferiores ao 75% do IPREM | 3      | 34,91€           | 17,46€        | 12€             | 12€        |

|   |   |         |        |     |     |
|---|---|---------|--------|-----|-----|
| Rendas entre o 75% e inferiores ao 100% do IPREM  | 4 | 69,81€  | 34,91€ | 18€ | 18€ |
| Rendas entre o 100% e inferiores ao 125% do IPREM | 5 | 112,13€ | 56,06€ | 25€ | 25€ |
| Rendas entre o 125% e inferiores ao 150% do IPREM | 6 | 133,29€ | 66,65€ | 36€ | 36€ |
| Rendas entre o 150% e o 200% do IPREM             | 7 | 147,05€ | 73,52€ | 43€ | 43€ |
| Rendas superiores ao 200% do IPREM                | 8 | 169,26€ | 84,63€ | 50€ | 50€ |

#### 5. Bonificacións e exencións de pagamento.

5.1.–Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre a taxa que resulte de aplicar o disposto na táboa anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si.

- a) Nenos pertencentes a familias numerosas, desconto do 20 %.
- b) Nenos pertencentes a familias monoparentais, desconto do 20 %.
- c) Cando asistan a EIM varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto do 20 %.

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias á data do devengo da declaración do IRPF.

5.2.–Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes, terá un desconto do 50 %.

5.3.–As familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 7.500 € anuais gozarán da exención total da cota a partir da segunda filla ou fillo que acuda a EIM.

5.4.–As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán, así mesmo, da exención total da cota.

6. As taxas establecidas no punto 4 actualizaranse anualmente conforme as fluctuacións que experimente o IPC anual a 30 de novembro do anterior, procedéndose a modificar a presente ordenanza fiscal de acordo co procedemento regulado nos artigo 17 e seguintes do TRLFL.

7.3.A cota tributaria pola prestación do servizo de centro de día determínase de conformidade coa seguinte tarifa:

(sen contido)





7.4. A cota tributaria pola prestación do servizo de lavandería e comedor sobre rodas determínase consonte coa seguinte tarifa:

**PREZO SERVIZO**

| Ingresos (Renda per cápita)                                  | Comedor (€) | Lavandería (€) |
|--|-------------|----------------|
| Menores ou iguais á PNC                                      | 1,30        | 0,40           |
| Maiores á PNC e menores ou iguais ao SMI                     | 2,56        | 0,64           |
| Maiores ao SMI e menores ou iguais ao dobre do SMI           | 3,88        | 0,80           |
| Maiores ao dobre do SMI e menores ou iguais ao triplo do SMI | 5,14        | 1,04           |
| Maiores ao triplo do SMI                                     | 6,45        | 1,31           |

A estes prezos hai que engadirle un custo de 1,92 € por día para o transporte se este fose necesario.

7.5. As tarifas numéricas sinaladas no caso dos servizos de comedor, lavandería sobre rodas, e para a parte da cota referida ao transporte no caso do centro de día, serán actualizadas anualmente conforme ás fluctuacións que experimente o IPC anual a 30 de novembro do anterior, procedéndose a modificar a presente ordenanza fiscal de acordo co procedemento regulado nos artigos 17 e seguintes do TRLRFL.

**Artigo 8º.- Forma de pago da cota**

O pago efectuarase por mes anticipado, e na modalidade de domiciliación bancaria, agás no caso do servizo de Lavandería e Comedor sobre rodas que o pago aboarase no mes natural seguinte. O pagamento das cotas debe realizarse dentro dos dez primeiros días do mes que proceda.

Se se abandona ou se deixa de utilizar o servizo, antes de finalizar o mes, procederase de oficio a devolver a parte proporcional do tempo non desfrutado.

**Artigo 9º.- Incumprimento do pago da cota**

O incumprimento reiterado no pago das cotas correspondentes poderá dar lugar, previo os trámites legais pertinentes, a baixa no dito servizo.

O concepto "incumprimento reiterado" aplicarase gradualmente en función da capacidade económica dos usuarios, deducida das circunstancias previstas no art. 7 para determinar a cota.

**Disposición derradeira**

A presente ordenanza entrará en vigor una vez aprobada definitivamente, e publicada o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, consonte co previsto no artigo 107.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

Non será de aplicación a normativa municipal que contradiga ao disposto nesta ordenanza.



Segundo.– Expoñer ao público dito expediente durante trinta días hábiles, mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos, para que os interesados manifesten o que estimen oportuno ao respecto.

Terceiro.– Se non se presentasen alegacións ao mesmo, este acordo quedaría elevado a definitivo, procedéndose a publicación do texto íntegro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor a partir da data desta publicación.

Cuarto.–Publicar a ordenanza no portal de transparencia municipal, unha vez aprobada definitivamente.

Vimianzo, coa data da sinatura dixital  
A Alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez”

Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos por dous votos a favor do PsdeG-PSOE, tres abstencións (2 AV e 1 PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo. ”

A Alcaldesa-Presidenta explica que as razóns da modificacións das tarifas é que, se ben xa estaban actualizadas, para solicitar a subvención á Xunta de Galicia coa nova orde, é preciso adecualas ós prezos que establece.

Continúa dicindo que estes prezos son os mesmos que os de 2017 e tendo en conta que está cuberto o 100% do servizo e sendo o custe de 200.000 euros anuais, o custe por neno é de 500 euros e hai que ter liquidez para adiantar dito custe ata que chegue a subvención.

Polo tanto, ó mes apórtase de recursos propios 18.000 euros e a Xunta de Galicia aporta 3.000 e tramitar a gratuidade do segundo neno que non é sinxelo á vista da complexidade do procedemento.

Dna. Raquel Rodríguez dí que con independencia do engoroso do trámite, é un apoio para as familias.

Dna. Marta Rey considera que é necesaria a modificación porque así ven disposta.

A Alcaldesa-Presidenta remata solicitando máis axuda da Xunta de Galicia.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da Corporación presentes.

## **B) Sección de control**

### **6º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidentencia.**

O Secretario da conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas desde o día 24-08-2022 con número 1019/2022 ata o día 21-09-2022 con número 1155/2022.



O Pleno do Concello douse por enterado.

#### **7º. Mocións de urxencia.**

Non se presentan.

#### **8º. Rogos e preguntas.**

Dna. Raquel Rodríguez pregunta cando rematarán as obras do cruce e se hai previsión para elo.

Dna. Marta Rodríguez únese á pregunta de Raquel e fai un rogo en relación coas persoas que quedaron fora das actividades deportivas e por tanto, se se está a pensar en aumentar as horas.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que é consciente dos problemas que hai tódalas mañás e que o problema principal é a falla de persoal o que da lugar a que as obras non van como quixera, sen prexuízo de que se aproveitou para facer obra paralela de canalización e non ter que levantar outra vez, pero o retraso é sustancial pois debería terminar no asalto ó castelo ou 15 días despois con esta obra.

En relación ás horas de actividades deportivas, comunica que van ser esixentes co seguimento da participación e todavía se está en período de inscrición e logo se analizará esa posibilidade.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:44 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto este borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez

O Secretario Xeral  
Francisco Javier Novoa Juiz